

---

## BASES CURSO EMPRENDE CON ÉXITO FERROLTERRA

### **1. Bases e fins.**

#### **1.1 Bases:**

Nas presentes bases recóllense as obrigas que asumirán os futuros beneficiarios do curso de formación “**Emprende con éxito Ferrolterra**”, así coma os requisitos básicos de organización do curso.

#### **1.2 Fins:**

A finalidade do presente curso é outorgar unha formación teórica e práctica integral ós futuros emprendedores das comarcas de Ferrol, Eume e Ortegal. A través da formación impartida, preténdese posibilitar o desenvolvemento empresarial dos beneficiarios do curso, fomentando o autoemprego e a creación de novas empresas que poidan xerar valor na comarca, así coma guiar e asesorar ós beneficiarios nos primeiros intres do seu proxecto de negocio, coa finalidade de que os 15 proxectos seleccionados se materialicen baixo unhas condicións que faciliten e posibiliten o seu éxito.

A través da creación de novas empresas e proxectos de negocio, preténdese impulsar a rexeneración comercial e empresarial da comarca, ofrecendo unha saída viable a situación actual de crise económica, e recuperando o afán de superación, a iniciativa persoal e o liderazgo como motor de cambio e rexeneración.

### **2. Beneficiarios e lugar de desenvolvemento.**

#### **2.1 Beneficiarios:**

O presente curso destinarase a 15 proxectos, en réxime de concorrencia competitiva entre todos os solicitantes, dentro do ámbito territorial da comarca de Ferrol, Eume e Ortegal.

Os proxectos presentados conforme ó modelo contido no Anexo I, valoraranse polo comité de expertos do curso, de acordo cos criterios de valoración contidos nas presentes bases.

Para o caso de que o proxecto presentado sea conxunto con outra persoa, os solicitantes deberán consignar os datos de todas as persoas participantes, designando a un deles coma representante ós efectos de notificación.

## **2.2 Lugar de impartición e horario:**

O curso “Emprende con Éxito Ferrolterra” impartirase no Centro de Emprego do Concello de Ferrol. O horario será de luns a venres, de 17:00 a 19:30.

## **3.Prazo de presentación dos proxectos.**

O prazo para a presentación dos proxectos será de 20 días naturais contados dende a publicación do anuncio do presente curso na páxina web do Centro de Emprego do Concello de Ferrol [www.ferrol.es/emprego](http://www.ferrol.es/emprego).

## **4.Lugar e forma de presentación.**

As solicitudes presentaranse no Rexistro Xeral do Concello de Ferrol, sito en Praza de Armas, s/n, en horario de 9:00 a 14:00.

Presentarase en sobre pechado, consignando no exterior o nome do curso “Emprende con Éxito Ferrolterra” e os datos do solicitante. Este sobre conterá a seguinte documentación:

- Anexo I cumprimentado.
- Anexo II cumprimentado.
- Copia do D.N.I. de todos os promotores do proxecto.
- Copia do Curriculum Vitae de todos os promotores do proxecto.

## **5.Comité de expertos**

O comité de expertos encargados da valoración dos proxectos presentados estará composto polos seguintes membros:

- D. Cristóbal Dobarro Gómez, avogado
- D. Roberto Priegue Pais, avogado
- D<sup>a</sup>. Laura Pérez Prados, economista especializada en asesoramento a persoas emprendedoras.
- D.<sup>a</sup> M<sup>a</sup> Teresa Alonso Novo / José Manuel Naveiro Rodríguez, axentes de emprego do Concello de Ferrol.

## 6. Criterios de valoración e fase de selección.

Os Criterios de Valoración serán:

1. Viabilidade técnica da idea de negocio, é dicir, se é posible que o proxecto se leve a cabo dentro dos parámetros sinalados polo emprendedor.

20%. De 1 a 20 puntos.

2. Grado de madurez do proxecto e viabilidade económica.

20%. De 1 a 20 puntos.

3. Factores de diferenciación. 20%. De 1 a 20 puntos.

- A idea diferenciase do que existe
- É única
- É unha especialidade
- Ten nicho de mercado por explotar

4. Perfil Emprendedor, análise do perfil da persoa:

- Iniciativa e creatividade.
- Seguridade en un mesmo.
- Capacidade técnica e de xestión do equipo de traballo.
- Liderazgo.

40%, de 1 a 40 puntos.

O punto 4. Perfil Emprendedor, análise do perfil da persoa, realizarase nunha entrevista persoal co xurado de valoración, onde se expoñerá a idea de negocio presentada para o curso e, posteriormente, realizarase a entrevista ós efectos de obter os datos precisos para emitir a valoración por parte do comité de expertos.

Aqueles proxectos que non acaden unha puntuación de 25 puntos entre os criterios de valoración de credibilidade da idea, viabilidade e factores de diferenciación, poderán ser excluídos do curso polo comité de expertos, de xeito motivado, con anterioridade á entrevista persoal para a valoración do Perfil de emprendedor.

## 7.Fases do curso.

O presente curso de formación destinarase a futuros emprendedores, ofrecendo unha formación teórica integral de acordo coa finalidade do curso, así coma unha fase de charlas con emprendedores, visitas a empresas, formación práctica e unha fase final de mentoring.

### 7.1 Formación teórica:

Esta fase terá unha duración de 60 horas, onde o profesorado e poñentes, en horario de tarde, de 17:00 a 19:30, no Centro de Emprego do Concello de Ferrol, impartirán o temario seguinte:

#### 1. O EMPRENDEDOR

1.1. Consellos para ser emprendedor.

#### 2. IDEAS DE NEGOCIO

2.1. Sistemas para a busca de ideas de negocio.

2.2. Da idea a empresa.

#### 3. O PLAN DE EMPRESA.

3.1. Introducción ó Plan de empresa.

3.2. O plan de empresa a fondo.

Marketing estratéxico e análise de mercado.

O plan de Marketing: Marketing operativo e análise da empresa.

O Plan de Comunicación.

O Plan de Recursos Humanos. Organigrama da Empresa e contratación.

O Plan Xurídico Mercantil

O Plan financeiro.

O Plan de inversións.

## 4. FORMAS XURÍDICAS E FORMAS DE NEGOCIO

4.1. Características das principais formas xurídicas.

4.2. A franquía.

## 5. FINANCIACIÓN.

5.1. Financiamento. Tipoloxía e características.

5.2. Axudas e Subvencións.

## 6. TRÁMITES DE CONSTITUCIÓN.

6.1. Constitución de formas xurídicas.

6.2. Outros posibles pasos para a constitución.

## 7. CONSELLOS A EMPRENDEDORES.

7.1. Algúns consellos aportados por empresarios.

### 7.2 Mesas redondas con emprendedores:

Ó finalizar o curso de formación, organizaranse unhas **mesas redondas** en colaboración con algúns dos **emprendedores** máis destacados da Comunidade Autónoma de Galicia.

Esta fase terá unha duración de 20 horas, e realizarase en horario de tarde de 17:00 a 19:30, no Centro de Emprego do Concello de Ferrol.

### 7.3 Visitas guiadas a empresas:

Realización **de visitas guiadas a empresas**, dentro das comarcas de Ferrol, Eume e Ortegal. Estas visitas teñen como finalidade dotar dunha visión práctica a organización e funcionamento no día a día dunha empresa.

Esta fase terá unha duración de 40 horas, e realizarase priorizando o horario de tarde de 17:00 a 19:30.

## **7.4 Elaboración do Plan de Negocio:**

Elaboración dun plan de negocio concreto no que cada un dos proxectos desenvolva a idea de negocio inicial coa que comezaron o curso, en atención ós coñecementos e ferramentas adquiridas ó longo do mesmo.

Esta fase terá unha duración de 60 horas, e realizarase en horario de tarde de 17:00 a 19:30, no Centro de Emprego do Concello de Ferrol.

## **7.5 Asignación dun titor:**

Asignación dun titor persoal que guíe ós beneficiarios nos primeiros pasos como emprendedores. A función deste titor será a de asesorar e contribuír a que o plan de negocio co que cada novo proxecto remate o curso, se materialice, respondendo a cantas dúbidas se plantexen nestes momentos iniciais ós novos emprendedores, e contribuíndo ó bo fin do proxecto.

Corresponderán a cada un dos proxectos un total de 20 horas de mentoring.

## **8. Material do curso:**

Para a impartición do presente curso de formación, poñerase a disposición dos beneficiarios as presentacións en formato PDF para mellor seguimento das clases teóricas. Estas presentacións colgaranse con anterioridade á formación teórica na páxina web creada ó efecto para o presente curso.

Así mesmo, os beneficiarios dispoñerán dun foro propio do curso para fomentar o debate e o intercambio de ideas e opinións en relación coa temática do curso.

## **9. Obrigas dos beneficiarios:**

Os beneficiarios do curso comprométese á asistencia e cumprimento do programa do presente curso, advertíndose que a reiteración nas faltas inxustificadas ó presente curso pode ser motivo de expulsión do mesmo.

## **ADDENDA:**

De conformidade co establecido no Decreto asinado en data 1 de abril de 2016 pola Concelleira delegada da Área de Economía, Facenda, Emprego e RRHH, dona Eugenia Freire Fajardo, publícase a addenda as “BASES CURSO EMPRENDE CON ÉXITO FERROLTERRA” (suscritas en data 17/08/2015) co seguinte contido:

*Aprobar un novo prazo para a presentación dos proxectos por un total de 15 días naturais contados dende a publicación das bases na páxina web do Centro de Emprego e no taboleiro de anuncios do Concello de Ferrol.*

*-Modificar nas bases o apartado 2.1 beneficiarios quedando como segue:*

*O curso destinarase a un mínimo de 10 proxectos viables e a un máximo de 15 proxectos, en réxime de concorrència competitiva entre todos os solicitantes, dentro do ámbito territorial da comarca de Ferrol, Eume e Ortegal. No caso de que non se acade o número mínimo de proxectos viables non se desenvolvería o curso.*

Ferrol, 1 de abril de 2016

O concelleiro delegado de Promoción  
Económica, Recursos Humanos, Consumo  
e Comercio



Felipe Sas Río

